

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreira González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Natalia Pereira Rey

D^a. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D.^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D. Francisco Xabier Pintor Vázquez

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, 24 de febreiro de 2012.

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2011

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2012; no seguinte sentido:

"Polo Sr. Presidente explícase que se trata de catro solicitudes de bonificación na cota do ICIO presentadas por:

-Dona Purificación Mejuto Pintor, solicitude de bonificación de data 23 de setembro de 2011, con relación ás obras de ampliación de explotación de gando vacún.

-Dona M^a Carmen Pérez García, solicitude de bonificación de data 13 de setembro do 2010, con relación ás obras de ampliación de explotación de gando vacún.

- D. José Manuel Varela Carregal, solicitude de bonificación de data 29 de abril do 2011, con relación ás obras construción de nave industrial a emprazar no parque empresarial de Arzúa.

-D. Jesús Montero Codesido, solicitude de bonificación de data 16 de febreiro de 2012, con relación ás obras de ampliación e mellora de explotación de gando vacún.

Intervén o Sr. Pintor Vázquez (do PSOE) para mostrar o seu acordo coa concesión, en todos os casos, de ditas bonificacións.

Intervén a Sra. Vázquez Orois (do PP) no mesmo sentido, mostrando o seu acordo coa concesión das bonificacións.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a concesión de todas as bonificacións na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.que foron solicitadas."

Deseguido dáse conta dos seguintes catro escritos, pola súa orde de presentación, a través dos cales se solicita que se conceda a bonificación do 50% na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras:

1. Presentado polo Rexistro Xeral do Concello o día 13 de setembro de 2010, sendo rexistrado de entrada ao número 2.132, por dona María Carmen Pérez García, con DNI número 33276015-Y, con domicilio no lugar de Vilar da parroquia de Pantiñobre, por razón das obras de ampliación dunha explotación de gando vacún, mediante a construción dun almacén pechado e soleira de formigón, sobre unha finca que posúe en dito lugar; para cuxas obras concedérase licenza municipal pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 6 de outubro de 2010, sendo aprobada a liquidación correspondente por importe de 537,51 euros, por resolución do alcalde de data 11 de novembro de 2010.

2. Presentado polo Rexistro Xeral do Concello o día 29 de abril de 2011, rexistrado de entrada ao número 938, por don José Manuel Varela Carregal, con DNI número 76513254-M, -actuando en representación de ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L. con CIF B-15457575 e con domicilio social no parque empresarial de Arzúa, parcela número 9, por razón da construción dunha nave industrial, a emprazar en dito parque empresarial tamén; para cuxas obras concedérase licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2011, sendo aprobada na mesma sesión unha liquidación polo concepto do referido imposto, por importe de 2.703,94 euros.

3. Presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 23 de setembro de 2011, sendo rexistrado de entrada ao número 2.760, por dona Purificación Mejuto Pintor, con DNI número 78794690-W, con domicilio no lugar de Pumariño da parroquia de

Castañeda, por razón das obras de ampliación dunha explotación de gando vacún, mediante a construción de dous silos forraxeiros e unha fosa de puríns, sobre unha finca que posúe en dito lugar; para cuxa obra concedéuselle licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 23 de setembro de 2011, sendo aprobada na mesma sesión unha liquidación polo concepto do referido imposto por importe de 888,50 euros.

4. Presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 16 de febreiro de 2012, sendo rexistrado de entrada ao número 319, por don Jesús Montero Codesido, con DNI número 76519762-G, con domicilio no lugar de A Calzada da parroquia de Bures, por razón das obras de ampliación dunha explotación de gando vacún mediante a construción de silos forraxeiros, sobre unha finca que posúe en dito lugar; para cuxas obras foille concedida licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, sendo aprobada na mesma sesión unha liquidación polo concepto do referido imposto, por importe de 1.500 euros.

Constando -nos respectivos expedientes- os informes emitidos pola interventora municipal, con datas de 13 de febreiro de 2012 no primeiro e terceiro caso, de 12 de febreiro de 2012 no segundo caso e de 16 de febreiro de 2012 no cuarto caso; de cuxos informes dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

B) Que a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras establece –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado c)- *unha bonificación do 50% nas cotas do referido imposto, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por empresarios, que se empracen no polígono industrial de Arzúa; suposto no que se encadraría a actuación a que se refire o terceiro dos expedientes* relacionados, para a cal se solicitara concesión da bonificación.

C) Que dita ordenanza establece –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado d)- *unha bonificación do 50% na cota do referido imposto, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros; suposto no que se encadrarían as actuacións a que se refieran os tres restantes expedientes* relacionados, para as cales se solicitou a concesión da bonificación.

E considerando, de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre instalacións, construcións e obras:

a) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

b) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Considerar de especial interese e utilidade municipal as construcións que quedaron detalladas nas catro solicitudes indicadas na parte expositiva deste acordo, para as que se concedeu licenza municipal pola Xunta de Goberno Local nas datas antes indicadas, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais para poder realizar as construcións indicadas

Terceiro.- Notificar este acordo aos catro solicitantes das bonificacións, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Punto 3º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2012.

Dáse lectura do ditame que –en relación con este asunto- emitiu a Comisión Especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2012, no seguinte sentido:

“O presidente explica que este expediente foi elaborado como consecuencia da existencia de facturas procedentes do ano 2011 que non puideron ser imputadas ao exercicio anterior, porque tiveron entrada no Concello en data posterior á da celebración da última Xunta de Goberno do ano pasado, e polo tanto quedaron sen aprobar.

Continúa explicando que as facturas ascenden a un importe de 150.078,56 euros, e son as seguintes:

UNION FENOSA COMERCIAL SL, factura número 03110310058188 de data 08/03/2011, relativa ao consumo eléctrico en alumeado na rúa Carballos Altos 99, por importe de 683,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 165.221.00

UNION FENOSA COMERCIAL SL, factura número 03110410193114 de data 29/04/2011, relativa ao consumo eléctrico na rúa Padre Pardo, 17 (edificio Mercado), por importe de 1.924,72 €, con cargo á aplicación orzamentaria 156.221.00

UNION FENOSA COMERCIAL SL, factura número 03110410126384 de data 29/04/2011, relativa ao consumo eléctrico en alumeado na rúa Piñeiral, (edificio do Polideportivo municipal), por importe de 511,98 €, con cargo á aplicación orzamentaria 156.221.00

GAS NATURAL SUR S.D.G. SA, factura número 01100610026282 de data 02/06/2010, relativa ao consumo eléctrico na rúa Padre Pardo, 17 (edificio Mercado), por importe de 1.636,99 €, con cargo á aplicación orzamentaria 156.221.00

GAS NATURAL SUR S.D.G. SA, facturación correspondente ao mes de xuño do 2010, data de facturación 02/06/2010, co seguinte desglose:

Subministro enerxía eléctrica nas dependencias da Escola Infantil: 138,16 €

Subministro enerxía eléctrica en escolas: 204,18 €

Subministro enerxía eléctrica en alumeados públicos: 12.280,25 €

Subministro enerxía eléctrica na Casa do Concellol: 2.416,36 €

Subministro enerxía eléctrica no Centro de Saúde: 2.436,99 €

Subministro enerxía eléctrica noutras dependencias: 2.395,49 €

GAS NATURAL SUR S.D.G. SA, facturación correspondente ao mes de outubro do 2011, data de facturación 03/10/2011, co seguinte desglose:

Subministro enerxía eléctrica en escolas: 1.337,94 €

Subministro enerxía eléctrica en alumeados públicos: 15.069,63 €

Subministro enerxía eléctrica noutras dependencias: 987,37 €

UNION FENOSA COMERCIAL SL, facturación correspondente ao mes de outubro do 2011, co seguinte desglose:

Subministro de enerxía eléctrica en alumeados: 1.981,01 €

Subministro de enerxía eléctrica na Casa do Concellol: 1.332,80 €

Subministro de enerxía eléctrica noutras dependencias: 270,54 €

GAS NATURAL SUR S.D.G. SA, facturación correspondente ao mes de novembro do 2011, data de facturación 25/11/2011, co seguinte desglose:

Subministro enerxía eléctrica en escolas: 963,49 €

Subministro enerxía eléctrica en alumeados públicos: 14.318,36 €

Subministro enerxía eléctrica noutras dependencias: -177,64 €

Subministro de enerxía eléctrica na Escola infantil: 324,67 €

UNIÓN FENOSA COMERCIAL SL, facturación correspondente ao mes de novembro do 2011, co seguinte desglose:

Subministro de enerxía eléctrica en alumeados: 1.895,37 €

Subministro de enerxía eléctrica na Casa do Concello: 558,38 €

Subministro de enerxía eléctrica en escolas: 2.146,00 €

Subministro de enerxía eléctrica en edificios municipais: 4.493,34 €

Subministro de enerxía eléctrica no Centro Médico: 582,87 €

SOGAMA, factura número 2011/3244 de data 31/12/2011, relativa ao tratamento de RU do mes de decembro, por importe de 8.947,57 €, con cargo á aplicación orzamentaria 162.227.99

HORMIGONES CARRAL SL, factura número A11/5617, de data 15/12/2011, relativa a subministro de Hormigón, por importe de 1.003,97 €, con cargo á aplicación orzamentaria 155.210.00

FORNECEMENTOS GALEGOS SL, factura número 95007379 de data 29/12/2011, relativa ao mantemento da fotocopiadora Konica Minolta BH-211, por importe de 123,49 €, con cargo á aplicación orzamentaria 157.227.99

FORNECEMENTOS GALEGOS SL, factura número 95007378 de data 29/12/2011, relativa ao mantemento das fotocopiadoras Konica Minolta DI 750, Konica Minolta C250, e Minolta DI 181, por importe de 544,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 157.227.99

FORNECEMENTOS GALEGOS SL, factura número 9260 de data 30/12/2011, de abono das facturas 95007379 e 95007378, por importe de -129,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 157.227.99

AQUAGEST SA, factura número 272-7/11 F de data 27/12/2011, relativa ao canon de concesión a achegar polo Concello para a xestión do servizo público da piscina municipal cuberta e da descuberta, referido á primeira anualidade do contrato, por importe de 63.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341.472.00

TESAGUA TECNOLOGÍAS S.R.L, factura número 260 de data 30/12/2011, relativa ao mantemento da EDAR do mes de decembro do 2011, por importe de 5.876,11 €, con cargo á aplicación orzamentaria 161.227.99

Intervén o Sr. Pintor Vázquez (do PSOE) para preguntar se se entende que o exercicio anterior está pechado.

Contesta a interventora que a efectos contables si, que a 1 de xaneiro xa rexe o orzamento prorrogado.

Intervén o Sr. Pintor Vázquez (do PSOE) para manifestar que no listado das facturas aparecen algunhas que datan do 27, 29, 30 e 21 de decembro do ano pasado, pero que hai outras moitas que se presentaron en datas anteriores, e pregunta pola causa de non terse pagado estas últimas dentro do ano 2011.

Toma a palabra a interventora para explicar que respecto desas outras facturas que tiveron entrada no rexistro antes do 27 de decembro do ano pasado (día en que se celebrou a derradeira Xunta de Goberno do ano 2011), o que ocorreu foi que había datos que se tiñan que contrastar porque os servizos económicos tiñan dúbidas en relación aos importes que se facturaban, polo que houbo que estudalas detidamente e reunirse coas persoas implicadas para resolver as discrepancias entre o que a empresa pretendía cobrar e os datos do Concello. Serían basicamente as de Fenosa e as de Gas Natural.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2012.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

-Que houbo as oportunas explicacións por parte da interventora, e parécelle ben que se tiveran retidas as facturas presentadas por Unión Fenosa, para poder ser

contrastadas antes de decidir o seu pagamento; porque as demais facturas, como foron presentadas a finais de ano, non poideron ser pagadas dentro do exercicio anterior.

-Que á vista da factura presentada por SOGAMA, de data 31 de decembro de 2011, relativa ao tratamento de residuos urbanos do mes de decembro, dedúcese que están ao día os pagos a dita sociedade por parte deste Concello, cando resulta que SOGAMA vense queixando continuamente –a través da prensa- de que non lle pagan os Concellos.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular está de acordo en que se recoñezan as facturas referidas neste expediente, porque as explicacións que dera a interventora foron convincentes.

*Do Sr. García Couso (do BNG) para expresar que, como xa houbo un acordo da Comisión especial de Contas para recoñecer estas facturas, simplemente quere dicir que –en canto ao mantemento da estación depuradora de augas residuais- o Concello vai convocar un concurso.

* Do Sr. alcalde para indicar que quere apelar á responsabilidade que deben ter todos os veciños, en canto aos vertidos de lixo nos contedores, porque –se se deposita o que non corresponde- despois o Concello ten que pagar unha multa.

Visto o informe emitido pola interventora con data 14 de febreiro de 2012.

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de recoñecer as obrigas ás que se refire este expediente e que figuran descritas no mesmo, por importe de 150.078,56 euros; dispoñendo que se efectúe o pagamento das mesmas.

Punto 4º) MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO BNG O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2012 (REXISTRADA AO NÚMERO 182), CONTRA O INCREMENTO APROBADO POLO GOBERNO DO TIPO IMPOSITIVO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Polo voceiro do grupo político do BNG, Sr. García Couso, douse lectura da referida moción; cuxo contido é o seguinte:

“O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso

residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0,60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora veñen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos, acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012.

Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, véndose abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos, coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais, correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos, e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

*Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.”

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego.”

Seguidamente polo secretario douse lectura do ditame que, en relación con esta moción, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2012; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta comisión, Sra. Varela Duro, douse lectura de dita moción (a mesma que leu agora o Sr. García Couso).

Tras a lectura da moción a Sra. Varela Duro engadiu que cos incrementos abusivos que supón esta medida do goberno, precíbese unha agresión contra a cidadanía en xeral, así como a pouca autonomía que van ter os Concellos neste caso.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que con esta medida do goberno incrementase só o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, porque, aínda que o tema da revisión do Catastro se pode facer de oficio, parece ser que -na práctica- non se fai se o Concello non o acepta.

- Que considera que hai outras formas de financiar a Administración Local.

* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar:

- Que, aínda que nalgún punto da moción está de acordo, o grupo político do PP agora vaise abter para estudar máis detidamente este asunto.

- Que si lle parecería lóxico que se actualizasen os catastros, porque nalgúns municipios levan desde o ano 2002 sen actualizar, e non pode ser que haxa persoas que paguen unhas cantidades mínimas e outras non.

Sometidas a votación ordinaria as propostas de acordo que con esta moción;

Adoptouse -por catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PSdeG- PSOE), coa abstención dos tres concelleiros do PP- o acordo de propoñer ao Pleno a adopción dos tres acordos incluídos en dita moción.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que está a favor desta moción, e parécelle que o grupo político do PP ten unha oportunidade para opoñerse á suba do tipo impositivo do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, e a que se grave aínda máis aos veciños nesta época de crise.

- Que o Sr. Rajoy, durante a campaña electoral, dixo que non ía a subir os impostos; e, con todo, o 31 de decembro de 2011 publicouse un Real Decreto Lei de 30 de decembro, que se chama de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público; o cal non afecta só ao imposto sobre bens inmobles, senón tamén a outras cuestións, como a conxelación da oferta de emprego público ou o incremento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

- Que a Dirección Xeral de Tributos, hai uns poucos días, ditou unha resolución que ata aos Concellos, no sentido de que non poderán baixar a través das súas ordenanzas o tipo impositivo deste imposto.

-Que considera que habería que ir a máis e pedir a anulación do Real Decreto Lei 20/2011 na súa integridade.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que hai que partir do principio de que non se pode gastar máis do que se ten.

- Que o anterior alcalde pediu unha revisión catastral, que vai supoñer un incremento de consideración na cota do imposto municipal sobre bens inmobles de natureza urbana; e esa revisión catastral pode supoñer un incremento moito maior neste imposto que a aprobada polo goberno central.

- Que non criticou a medida que adoptou cando gobernaba o Partido Socialista, que supuxo unha rebaixa do 5% nas retribucións dos funcionarios.

- Que agora trátase de que hai que chegar a un equilibrio presupostario.

- Que non se pode esixir, nos dous meses que se leva de goberno do PP, uns resultados como se levara gobernando catro anos.

- Que as medidas adoptadas son por imperativo da situación economía, non porque queira o Presidente do Goberno.

*Do Sr. García Couso (do BNG) para expresar:

- Que os motivos polos que o grupo político do BNG presentou esta moción quedaron expostos cando se leu.

- Que a aptitude do PP, que é quen apoia ao goberno, pódese cualificar de hipócrita, porque na campaña electoral dixo que non ía subir os impostos.

- Que a revisión do Catastro, a que se referiu o Sr. Orois Valiño, é unha situación diferente, porque foi para revisar o valor catastral co fin de adecualo á situación dos inmobles conforme ao Plan Xeral, non para subir o tipo impositivo.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para indicar:

- Que a decisión do goberno central afecta á autonomía municipal.
- Que volve a pedir que se anule ou se derroque o Real Decreto Lei 20/2011.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:

- Que cando se fala de tipo impositivo, hai que falar tamén de valor catastral, e se, como consecuencia da revisión catastral, vaise recadar un 33% ou un 35% máis, iso significa que hai unha suba no imposto.
- Que estaríamos de acordo en que se poideran establecer na ordenanza reguladora unhas bonificacións no imposto sobre bens inmobles, para que a súa racadación quedase como estaba, pero iso sería practicamente imposible.

*Do Sr. García Couso (do BNG) para expresar que a revisión catastral, a que se referiu o Sr. Orois Valiño, pode incrementar o valor dos inmobles, pero tamén o pode diminuir; e o que non se pode é acusar ao anterior alcalde.

* Do Sr. Pintor Vázquez (do PS de G-PSOE) para indicar, en relación coas bonificacións a que se referou o Sr. Orois Valiño, que o punto 8º da resolución da Dirección Xeral de Tributos ata o Concello, ao dipsoñer que *“Se se aprobara para o 2012 un tipo inferior ao vixente para 2011, o incremento calcularase sobre este último”*

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as catro propostas de acordo que contén a moción;

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e seis en contra dos concelleiros do PP- os seguintes acordos:

Primeiro.- Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011, por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos Concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

Segundo.- Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

Terceiro.- Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza:

a) Que inste ao Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b) Que inste ao Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos Concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c) Que impulse un plan de financiamento local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentarios do Parlamento galego.

Punto 5º) MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO BNG O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2012 (REXISTRADA AO NÚMERO 183), CONTRA A PRIVATIZACIÓN E SUBA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALICIA.

Polo voceiro do grupo político do BNG, Sr. García Couso, douse lectura da referida moción; cuxo contido é o seguinte:

“A Lei de Servizos Sociais de Galiza establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos, de calidade e en cooperación cos concellos, foi unha peza fundamental para o logro deste obxectivo, e con esta finalidade creouse no anterior goberno da Xunta de Galiza o Consorcio Galego da Igualdade e o Benestar, que consolidou e ampliou a rede de escolas infantís públicas.

Cando o goberno do PP tomou posesión había 85 Galescolas ou escolas infantís en funcionamento, dispoñendo de 3.942 prazas. Ademais había outras rematadas ou a piques de ser rematadas e unha boa cantidade delas coa tramitación iniciada ou licitadas. O goberno do PP retrasou a posta en funcionamento de moitas delas e incumpriu moitos protocolos e acordos establecidos con numerosos concellos para a construción de escolas infantís.

Agora o goberno do PP inicia a privatización pola vía de urxencia deste servizo público nas novas escolas infantís que abrirán proximamente e incrementa escandalosamente os prezos públicos a pagar polas familias usuarias das mesmas, sen ter en conta a delicada situación de moitas familias que agrava a actual crise económica, os recortes sociais e a política impositiva do PP.

Exemplo desta privatización que leva a cabo o PP é a que sofre a escola infantil de Monteporreiro, no concello de Pontevedra, e a anunciada licitación da xestión privada das escolas de Betanzos e Carballo.

Coa privatización desmantélase un servizo público para favorecer que determinadas empresas fagan negocio co ensino, afecta á necesaria corresponsabilidade entre homes e mulleres e tamén á conciliación da vida laboral e familiar, reducindo a calidade educativa nas escolas infantís e empeorando as condicións de traballo e o acceso en igualdade de condicións do persoal laboral que presta servizos nas mesmas.

Ademais, o goberno do PP aprobou o pasado día 19 de xaneiro un incremento pola atención educativa que pasa de 110 euros a 160 euros, que supón un incremento de case o 50% e un incremento do 112% do servizo de comedor, que pasa a máis do dobre, de 33 euros a 70 euros. O fan aplicando os incrementos no IPC que se produciron desde 2002. Inicialmente esta medida non ía afectar a familias con rendas inferiores aos 1.500 euros, mais agora o reducen até os 1.200 euros. Trátase dunha política do goberno do PP que repercute aínda máis o custe da crise económica nas maiorías sociais, nas mulleres e nas familias monoparentais.

Por riba, un servizo básico como é o comedor soporta a maior suba, a pesar de que todas as familias que levan aos seus fillos e fillas coincidindo cunha xornada laboral sempre precisarán deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Por outra parte, o goberno do PP eliminou o orzamento de 2,5 millóns de euros destinado aos concellos para o mantemento das escolas infantís municipais, o que obrigará a que os concellos teñan que aplicar estes incrementos ou outros superiores.

O PP degrada un servizo público fundamental para as familias e as persoas con fillos ou fillas, para favorecer o lucro privado e impedindo o servizo da escola infantil a moitas familias que o necesitan, contribuíndo a agravar a situación económica das persoas e das familias neste momento de crise.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1. Paralizar os procesos de privatización da escola infantil.*
- 2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.”*

Seguidamente polo secretario douse lectura do ditame que, en relación con esta moción, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2012; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta comisión, Sra. Varela Duro, douse lectura de dita moción (a mesma que leu agora o Sr. García Couso), engadindo deseguido:

- Que isto é un prexuízo moi grave para as economías neste momento, os prezos son abusivos e, tendo en conta que se nas familias traballan os dous membros, sería un graveme tremendo.*
- Que a privatización, neste momento de crise o que trae e maior desigualdade social e maiores problemas para conciliar a vida familiar e laboral.*

O Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) indica:

- *Que está de acordo coa moción, e que lle parece bastante grave que coa desculpa da crise se toque o tema da educación e a sanidade.*

- *Que as escolas infantís era un logro que tiñamos acadado para conciliar a vida laboral e familiar, e estes temas deberían estar á marxe destas cuestións.*

- *Que as escolas non se deberían privatizar. As empresas que xestionan as escolas infantís, van tratar de non ter perdas senón beneficios, e polo tanto pódese ver moi mermada a educación.*

- *Que, en canto a suba de prezos, parécelle moi excesiva, porque a maioría somos mil euristas e ás familias faráselle bastante costa arriba.*

A Sra. Castro Pampín (do PP) indica:

- *Que non se trata de suprimir o servizo senón de privatizalo, en moitos casos isto supón que o servizo mellora, porque o empresario o que quere é que o seu negocio vaia ben.*

- *Que lle gustaría subliñar que, igual que sucede en moitas residencias da terceira idade, a Xunta de Galicia ten unha serie de axudas para sufragar unha parte do custo que supón o servizo.*

Sometidas a votación ordinaria as propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptouse -por catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), co voto en contra dos tres concelleiros do PP- o acordo de propoñer ao Pleno a adopción dos acordos incluídos en dita moción.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- *Que quere resaltar a importancia das escolas infantís como medio para conciliar a vida familiar e laboral; pero ademais hai unha cuestión de desenvolvemento integral ou desenvolvemento social dos propios nenos, ao crearse unha relación de convivencia que resulta ser moi importante na vida.*

- *Que a escola infantil de Arzúa foi feita durante o goberno do alcalde Sr. Moscoso López e foi un logro importante, sendo ademais unha das primeiras; despois a través dun Consorcio cedeuse a súa xestión á Xunta, aínda que a titularidade é do Concello.*

- *Que se consideramos que as cuestións de educación, e tamén a sanidade, teñen que estar á marxe da crise económica, podemos propoñer o rescate desa escola infantil que está en mans do Consorcio Galego de Igualdade e o Benestar.*

- *Que entre todos temos que tratar de presionar á Xunta de Galicia para que non se suban as tarifas nin se privaticen as escolas infantís.*

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- *Que segue mantendo que non pode haber máis gastos que ingresos, e fálase de que vai haber privatización, pero iso é unha prioridade de recursos.*

- Que, con todo, ninguén di que na Xunta de Galicia que preside o Sr. Nuñez Feijoo abríronse máis hospitais en Galicia, e que non se pechou ningunha sala hospitalaria, porque se dá máis prioridade ao sanitario que á educación infantil; o problema é a distribución de recursos, e hai que adaptarse ao que se ten.

- Que o grupo político do PP non vai votar en contra das decisións da Xunta de Galicia ou do goberno do Estado, porque compartimos a súa idea en todas as cuestións.

*Do Sr. García Couso (do BNG) para expoñer:

- Que coincide cos argumentos dados polo Sr. Pintor Vázquez.

- Que se dixo na campaña electoral que non ía haber recortes nos servizos sociais, e estes sono.

- Que non está ben definido o carácter dos servizos que prestan as escolas infantís: educación, sanidade ou servizos sociais, aínda que parece ser que serían todos eles, porque permiten conciliar a vida familiar e laboral, sobre todo daquelas persoas con menos medios, que teñen necesidade deste servizo; e tamén facilitan unha alimentación máis equilibrada para os nenos e un control sanitario.

- Que é verdade que gobernar é establecer prioridades, pero se retiran dous millóns e medio de euros para a financiación de escolas infantís, e con todo, gastouse moito en subvencións a medios de comunicación para podelos manter, cando deberían retirarse esas subvencións que van dirixidas a empresas privadas e distribuilas ás escolas infantís.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que os concelleiros do Partido Popular por disciplina partidaria vanse a opoñer ás propostas que contén esta moción, e lles pide que sexan valientes e voten en contra da suba de tarifas.

- Que, respecto á privatización das escolas infantís, as empresas que leven a súa xestión son empresas con ánimo de lucro, e van buscar o beneficio económico; e considera que o tema da educación debe ser xestionado sempre pola Administración, en defensa dos intereses públicos.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que non se trata dunha cuestión de valientes, senón de prioridades e, como consideramos que a decisión do goberno da Xunta de Galicia vai coas nosas ideas, temos que defendela.

- Que, respecto do tema da retirada de subvencións a medios de comunicación, está de acordo; pero deberíanse retirar tamén aos sindicatos e aos partidos políticos, porque considera que teñen que ser os afiliados quen contribúan a súa financiación.

- Que o grupo político do PP renunciaría á subvención que asignou o Pleno do Concello aos grupos políticos, neste caso de 360 euros ao mes, se se lles facilitase un local na Casa do Concello para poder desenvolver a súas funcións.

-Que os países que nos baseamos nas subvencións baseámonos fundamentalmente na fraude e habería que corraxir esa situación.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde sometou a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e seis en contra do PP- os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que se paralicen os procesos de privatización da escola infantil.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo.

Punto 6º) MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PP O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2012 (REXISTRADA AO NÚMERO 267), PARA QUE A CORPORACIÓN LOCAL REALICE UN RECOÑECIMENTO A DON MANUEL FRAGA IRIBARNE.

Polo voceiro do grupo político do PP, Sr. Orois Valiño, dáse lectura da referida moción; cuxo contido é o seguinte:

"O recoñecemento por parte da Corporación Municipal da importancia que supuxo para Galicia o expresidente D. Manuel Fraga Iribarne, e expresar o sentimento de tristura que, independentemente de ideoloxías, supuxo para a maioría dos cidadáns arzuáns.

Que dito recoñecemento, caso de que así o considere o Pleno, sexa unha homenaxe póstuma a súa figura e igualmente mostra de condolencias a súa familia e ó Partido Popular do que foi fundador."

Deseguido polo secretario douse lectura do ditame que, en relación con dita moción, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno e Control da xestión municipal, na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2012; no seguinte sentido:

"Pola concellería do Partido Popular, actuando como voceira do mesmo, Sra. Castro Pampín, douse lectura de dita moción (a mesma que leu agora o Sr. Orois Valiño).

Tras a lectura da moción, a Sra. Castro Pampín engadiu que sería unha pequena homenaxe póstuma a figura do expresidente da Xunta de Galicia.

Indica o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE):

- Que é máis partidario de que se fagan estas homenaxes a nivel particular, e non institucional.

- Que a nivel institucional, baixo o goberno de Touriño e o bipartito, o investimento foi moi superior aos quince anos que o Sr. Fraga Iribarne foi presidente da Xunta, polo que entra en certas contradicións persoais.

- Que trasladar esta moción ao Pleno parécelle que está fora de lugar, e vai pensar e reflexionar sobre isto.

- *Que habería que concretar máis en que consiste esta moción, se sería mandarlle o acordo a familia, se sería expresar o sentimento de tristura dos cidadáns de Arzúa etc...*

Indica a Sra Castro Pampín (do PP) que esta moción presentouna o Sr. Orois Valiño, e non sabe que idea ten el, para facer esa homenaxe, e sería bó que expoña el a súa idea.

A Sra. Varela Duro (do BNG) manifesta:

- *Que valora positivamente a figura do Sr. Fraga Iribarne como político, presidente da Xunta e parlamentario.*

- *Que non acaba de entender moi ben a moción proposta polo Sr. Orois Valiño.*

- *Que esta de acordo co Sr. Pintor Vázquez que non tería que ser unha homenaxe institucional, senón facer chegar o pésame a nivel individual ou do Partido Popular.*

- *Que terían que pensar un pouco máis antes da sesión do Pleno, e coñecer en que consistiría esa homenaxe.*

Sometida a votación ordinaria a proposta de acordo que contén esta moción.

Adoptouse -por tres votos a favor (do PP) e catro abstencións (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno o estudo de dita moción na vindeira sesión que celebre.”

**Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:*

- *Que presentamos esta moción para buscar o recoñecemento do expresidente da Xunta de Galicia, polo labor que fixo pola nosa terra e por España, que estivo quince anos de Presidente da Xunta de Galicia.*

- *Que Arzúa e outros municipios do Camiño de Santiago débenlle moito ao goberno de don Manuel Fraga; como exemplo, non hai máis que ver os hostais que había e os que hai.*

- *Que só queremos facer un recoñecemento para que conste na acta do Pleno; non pedimos que se lle dea o seu nome a unha rúa ou a unha praza, porque sabemos que non temos a maioría.*

- *Que unha persoa que foi doutor honoris causa de quince universidades, que se tuteou cos grandes líderes mundiais, que é respectado nacional e internacionalmente, cre que merece unha homenaxe, unha valoración da súa figura.*

**Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:*

- *Que é máis partidario de que este tipo de actos fosen pactados antes de traelos a unha sesión do Pleno, para que non haxa cuestións de tipo político por medio, ou, senón, facelas a nivel particular.*

- *Que non é partidario de estes actos, porque se trata de figuras políticas que exerceron responsabilidades, e estaban na súa obriga de facer investimentos.*

-Que era máis partidario de que o Partido Popular fixera un funeral e que fose quen quixera.

- Que Fraga foi un home cunha personalidade arrolladora, era honrado e tiña moita capacidade de traballo, pero morreu sen condenar o franquismo e foi Ministro con Franco.

- Que considera que estas cuestións non se deberían traer a un debate público.

* Do Sr. García Couso (do BNG) para expresar:

- Que tratándose dunha homenaxe política, o seu voto vai a ser en contra, porque non nos podemos quedar en que foi Presidente da Xunta de Galicia, porque tivo unha traxectoria moito máis longa, e iso tense que relatar.

- Que falouse moito nestes días do Sr. Fraga, das luces e das sombras; dixerónse moitas luces e agora vai dicir as sombras:

- Este señor viviu sesenta anos da política, foi un político profesional.

- Subiuse ao coche oficial nos anos 50, desde a militancia no colectivo de estudantes fascistas, e chega ocupando cargos na Administración, como o de Ministro de Información e Turismo no ano 1962, isto víñalle moi ben porque a información sempre a controlou moito ata o final; e ese Ministerio era o responsable da censura.

- Foi o encargado no ano 1963 de anunciar a condena a morte do militante comunista Julián Grimau, simplemente pola súa militancia política.

- No ano 1969 deixou o Ministerio, canto Franco aproveita para facer unha remodelación do goberno, con motivo dunha crise que houbo por un caso de corrupción de algúns ministros, aínda que el non estaba implicado.

- No ano 1975, durante a transición no goberno de Arias Navarro, é nomeado Ministro de Gobernación, que era o ministerio responsable da orde pública; nun ano e pico vese implicado nuns sucesos moi graves, como foi a entrada da policía nunha igrexa onde se atopaban encerrados uns obreiros, en apoio da negociación duns convenios colectivos; entrando con violencia, fixéronse disparos con lume real, e o resultado foron cinco mortos e máis de cen feridos.

- No ano 1976 ocorren uns sucesos provocados pola pasividade da garda civil, nos que tamén morren dúas persoas en Navarra; isto foi analizado como un intento para crear unha situación de tensión, co fin de provocar a intervención das forzas armadas cun golpe de estado, que paralizase as expectativas de transición que se estaban dando naquel momento.

- Deixou despois ese Ministerio e volveu á política activa, como fundador de varios partidos: Acción Democrática, Alianza Popular e Partido Popular.

- Foi catro veces candidato a Presidente do Goberno, e do 1989 ao 2005 foi Presidente da Xunta de Galicia, pero o principal impulsor dos traballos do Xacobeo foi o Conselleiro Sr. Portomeñe e non el.

- Nunca condenou o franquismo, polo tanto era desa ideoloxía e adaptaouse aos novos mundos políticos.

- Foi Presidente da Xunta de Galicia cando se delapidaron as maiores cantidades de fondos, como por exemplo no caso da Cidade da Cultura de Santiago.

- Que, por tanto, non vai facer ningún recoñecemento político á figura do Sr. Fraga; sí expresa o seu pesar polo seu facelemento, como no caso de calquera outro veciño.

- Que díxose que se codeou con grandes líderes políticos pero quere dicir que tamén con grandes ditadores; sendo unha das principais voces que acusaron aos xuíces que perseguiron a Pinochet.

- Que non sabe se foi democrático, si que viviu coa democracia.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que o Sr. Fraga non foi un franquista ao uso, de feito a Lei de prensa foi unha innovación na época da ditadura.

- Que foi castigado coa embaxada de Londres, e alí foi recoñecido como un gran estadista.

-Que se fala das reunións con Pinochet, pero non das que tivo con outro ditador como Fidel Castro, que era oposto as súas ideas.

- Que nós queremos que se recoñezan as virtudes que tivo como Presidente da Xunta de Galicia, porque se miramos ao pasado todos temos algo de que arrepentirnos.

- Que o Sr. Fraga foi o principal impulsor do Camiño de Santiago, porque era o máximo responsable ao ser o xefe de goberno; e se non fora por el non existiría o Xacobeo en Galicia.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que todos cometemos erros, pero el tivo a ocasión de pedir desculpas, de arrepentirse.

- Que tivo unha evolución cara a democracia que é loable; foi uns dos pais da Constitución, e retirouse cando se trataba de aprobar o título VIII, que é o que se refire ás autonomías, porque el estaba en contra das autonomías; despois paradoxicamente foi presidente dunha autonomía.

- Que o tema de Julian Grimau foi una vergoña para España e para todo o mundo, o Presidente do Tribunal era un militar que non era xurista, incluso o Papa Juan XXIII pediu que se lle conmutara a pena de morte pola de cadena perpetua, e non se lle fixo caso; porque ao final Franco obrigou a que o voto do Consello de Ministros fose adoptado por unanimidade.

*Do Sr. García Couso (do BNG) para expresar:

- Que coincide bastante co que dixo o Sr. Pintor.

- Que para recoñecer a unha persoa hai que ir ao pasado, e pode ser bo ou malo.

- Que o Xacobeo non o habería se non existira Fraga, pero o Camiño e Santiago si.

* Do Sr. alcalde para indicar:

-Que considera que ningún de nós teriamos o inconveniente de mostrar as condolencias: tanto aos militantes do Partido Popular, como á familia do Sr. Fraga, pero para realizar este tipo de actos a nivel institucional debería mirarse antes como procedería formulalos.

- Que fálase da grandeza dos políticos, pero considera tamén que a maior grandeza que poidan ter é a de ser elixidos pola maioría dos cidadáns; neste sentido pódese facer un recoñecemento a D. Manuel Fraga como a calquera outro cargo político.

- Que como alcalde de Arzúa non ten inconveniente en dar as súas condolencias aos militantes do Partido Popular, aos votantes e á familia de D. Manuel Fraga.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de recoñecemento do Sr. Fraga Iribarne que contén a moción presentada.

Adoptándose –por seis votos a favor do Partido Popular e catro votos en contra do BNG, coa abstención do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE), do Sr. alcalde e da Sra. Pereira Rey (do BNG)- o acordo de recoñecer a importancia que supuxo para Galicia o expresidente don Manuel Fraga Iribarne, e expresar o sentimento de tristura que, independentemente de ideoloxías, supuxo para a maioría dos cidadáns arzuáns.

Punto 7º) MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PP O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2012 (REXISTRADA AO NÚMERO 268), PROPOÑENDO UNHA MELLORA DO PARQUE INFANTIL.

Polo voceiro do grupo político do PP Sr. Orois Valiño dáse lectura da referida moción; cuxo contido é o seguinte:

"Considerando que o parque infantil situado na feira, podería ser mellorado cunha instalación anexa, de madeira, tipo barracón, cuxa superficie debería determinarse nun vindeiro Pleno, pero que debería dar cabida a unha pequena cafetería-xeladería, con aseos e outros servizos; e que permitirían as nais, pais dos nenos e outras persoas poder desfrutar de cafés ou outras bebidas ou consumicións, sentados en mesas de terrazas interiores ou exteriores que permitan vixiar aos rapaces mentres xogan no dito parque infantil; SOLICÍTASE:

Que se debata no Pleno a posibilidade, caso de que normativa urbanística o permita, de montar dito equipamento, o que carecería de estrutura fixa, xa que so iría anclada o chan, pero que podería ser trasladada enteira a outro lugar en caso dunha necesidade puntual.

Dita obra sairía a concurso, e non suporía custo algún para as arcas do Concello de Arzúa, xa que o adxudicatario tería que facer a obra pola súa conta, concedéndose un prazo de concesión por un tempo suficiente para que poida obter rendibilidade polo investimento e risco da mesma.

Esta obra suporía a creación de dous ou tres postos de traballo e revitalizaría a zona, facéndoa máis atractiva, sobre todo nos períodos de primavera- verán.

Polo dito, e considerando que o non ter estrutura fixa non debería ter limitación urbanística algunha, o Grupo Popular propón que se debata no Pleno a celebrar a finais deste mes de febreiro o exposto".

Deseguido polo secretario douse lectura do ditame que, en relación con dita moción, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno e Control da xestión municipal, na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2012; no seguinte sentido:

“Pola concellería do Partido Popular, actuando como voceira do mesmo, Sra. Castro Pampín, procedeuse a explicar esta moción.

Tras a explicación da moción, a Sra. Castro Pampín engadiu:

- Que non se trataría dunha mellora, senón dunha instalación anexa, que non necesita ningún tipo de permiso urbanístico.*
- Que a través desa instalación se daría un servizo de cafetería aos pais que levan aos nenos ao parque.*
- Que non se ocasionaría ningún tipo de gasto ao Concello, porque a instalación correría a cargo do adxudicatario.*
- Que sería unha maneira de crear un, dous ou tres postos de traballo.*

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

** Do Sr. Pintor Vázquez (do PS de G-PSOE) para expresar:*

- Que ve os seguintes inconvenientes:*
 - Non se sabe se vai a haber unha demanda do servizo de cafetería que se daría a través desa instalación.*
 - Habería unha competencia desleal con respecto a outros negocios do arredor, que ofrecen ese mesmo servizo.*
 - Eses outros establecementos non quedan tan lonxe.*
- Que na moción non se fala de prazo, e considera que habería que concretar un pouco máis, e ver a necesidade; polo que, en consecuencia, deberíamos esperar ao que nos explique o voceiro do grupo político do PP, Sr. Orois Valiño, que presentou a moción.*

** Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:*

- Que a idea parécelle boa, outra cousa son as consecuencias que poida ter, como por exemplo a competencia desleal.*
- Que, ao mellor, en vez de ser o propio adxudicatario quen realice as obras desa instalación anexa ao parque, podería formularse que fose o Concello o que fixera esas obras antes de outorgar a concesión.*
- Que se se van crear dous ou tres postos de traballo pode ser bo, pero habería que facer outras valoracións tamén.*

Sometida a votación ordinaria a conveniencia de que sexa realizada esa instalación anexa ao parque, para prestar o servizo indicado na moción.

Adoptouse -por tres votos a favor (do PP) e catro abstencións (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno o estudo de dita moción na vindeira sesión que celebre.”

Deseguido tiveron lugar as seguintes intervencións:

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que acostuma haber máis xente na contorna do parque que na praza, de feito cando paso por aí conto máis de cincuenta persoas entre rapaces e pais dos nenos; e dáse a circunstancia tamén de que no teñen ningún tipo de servizo para facer as súas necesidades.

- Que a instalación a que se refire na moción tería que ser unha obra ornamental, do tipo da que hai na praia de Barraña en Boiro.

- Que non se pode falar de competencia desleal, cando sae a concurso calquera concesión que se fai, porque dáse a posibilidade de que calquera persoa poida participar no procedemento de concesión.

- Que, ademais, con esta instalación a zona revitalizaríase; habería negocios pechados que volverían a abrir, e daríase tamén un servizo para as persoas que asisten ao tanatorio, porque o ano pasado houbo máis de cen falecidos que estiveron acollidos nel, e as persoas que acuden non teñen un sitio preto onde tomar un café.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que en principio hai que agradecer as propostas que se fagan, como sería esta.

- Que preguntou ao alcalde se esa instalación, para prestar o servizo indicado, pedirona os pais ou as nais dos nenos que acuden ao parque; e dixo que non. Ao mellor, comentaron con algún membro do grupo político do PP.

- Que non sabe se é bo ou malo; nin se se van a crear os postos de traballo que se din.

- Que quere introducir unha emenda a esta moción, que consiste en que se pase aos servizos urbanísticos do Concello, para que informe sobre a viabilidade e ubicación da instalación, así como sobre as infraestruturas que sería necesario acometer.

*Do Sr. alcalde, para expresar:

- Que ten coñecemento de que existen persoas que teñen interese en levar a cabo este tipo de negocio, as cales pedíronlle que non fixera público o seu nome.

- Que sería bo facer un estudo sobre este asunto para chegar a unha conclusión.

Polo que, en consecuencia coas opinións indicadas polo grupo político do BNG e do PSdeG-PSOE, este asunto quedou pendente de resolver ata tanto se faga o estudo e informe polos servizos urbanísticos do Concello, sobre os aspectos indicados, para poder coñecer se é posible realizar a instalación a que se refire a moción.

Pedindo o Sr. Orois Valiño que ese estudo se faga coa maior rapidez.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE O MES DE XUÑO DE 2011.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deuse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de xuño de 2011 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 30 de maio de 2011 (*da cal se dou conta na anterior sesión plenaria*)- ata a ditada o día 29 de xuño de 2011.

Estando referida a primeira resolución (*reflectida no folio 6.473 volto e 6474 e volto*) á aprobación do calendario de vacacións para o ano 2011, do persoal funcionario e laboral ao servizo desta entidade local, mentres que a última resolución (*reflectida no folio 6.511 volto e 6.512*) refírese á contratación dos tres capataces e nove peóns que integran o Grupo Municipal de Intervención Rápida, durante un período que comprendería desde o día 1 de xullo ata o día 31 de decembro de 2011.

Tras todo o exposto, adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDOS POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Dáse lectura dos informes emitidos pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcurran máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe –con data 16 de febreiro de 2012-, a través do cal indican que da execución orzamentaria

registrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de outubro e 31 de decembro de 2011, salvo erro ou omisión, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no cuarto trimestre de 2011:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	296	29
Importe total	274.082 euros	793.185,66 euros

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 n° 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	203	21
Importe total	392.805,51 euros	641.610,08 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 n° 4 Lei 15/2010)

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

Segundo.- Dar traslado dos informes emitidos, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 3º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE DE 16 DE FEBREIRO DE 2012, SOBRE CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS NA DOCUMENTACIÓN REMITIDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RELATIVA AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2012.

Dáse conta do referido decreto, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o escrito remitido a este alcalde, polo presidente da Deputación Provincial, con data 3 de febreiro de 2012 (*rexistrado de saída ao número 2.340*); a través de cuxo escrito comunícase que, tendo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de A Coruña a documentación relativa ao Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2012, despois de revisar esa documentación, observáronse as deficiencias que figuran transcritas no referido escrito; polo que se solicita:

a) Correxir as aportacións das achegas municipais dos dous proxectos nomeados: “Pavimentación entorno igrexa de Burres e outros” e “Acondicionamento camiño en Río Vello e outro”, recalculando as achegas da Deputación e as totais.

b) Aportar a documentación que aclare a titularidade municipal dos terreos, na obra nomeada “Pavimentación entorno igrexa de Burres”.

c) Aportar as autorizacións de Patrimonio que se recollen nos informes técnicos.

E que unha, vez que se dispoña de toda a documentación, se envíe á Sección de Plans Provinciais á maior brevidade posible.

Resultando.- Que, a través do punto oitavo do acordo plenario adoptado na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2011, ao resolver sobre o punto 2º) da súa orde do día nomeado “Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012”, facultábase ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión de dito acordo e o correspondente expediente.

E polo que, facendo uso da facultade conferida a través do acordo plenario indicado, esta Alcaldía **RESOLVEU**:

Primeiro.- Realizar as seguintes actuacións administrativas:

1º) Para correxir as aportacións das achegas municipais dos dous proxectos indicados no apartado a).- Pola interventora municipal volveuse a elaborar o cadro distributivo na financiación das obras incluídas no POS 2012, que quedaría da seguinte forma:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO +	CONCELLO	PRESUPOSTO
	DEPUTACIÓN		TOTAL
PAVIMENTACIÓN ENTORNO IGREXA DE BURRES E OUTROS	86.027,89 €	4.527,79 €	90.555,68 €
CAMIÑO EN RIO (CASTAÑEDA) E OUTROS	73.178,69 €	3.851,51 €	77.030,20 €
ACONDICIONAMENTO CAMIÑO EN RIO VELLO E OUTRO	78.375,02 €	4.125,01 €	82.500,03 €
SANEAMENTO EN BOENTE	46.184,80 €	2.430,78 €	48.615,58 €
TOTAL	283.766,40 €	14.935,09 €	298.701,49 €
APORTACIÓN POS 2012	364.613,53 €		
GASTOS CORRENTES	80.847,13 €		

Polo que, a través do referido cadro (*indicativo da financiación das obras incluídas no POS 2012*) modifícase o acordo que figura recollido no punto primeiro do acordo plenario adaptado na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2011.

2º) Para aclarar a titularidade municipal dos terreos, na obra nomeada "Pavimentación contorno igrexa de Burres".- Emitiuse un informe por este alcalde, con data 8 de febreiro de 2012, a través do cal se indica que: *"Dos datos tomados con ocasión do traballo de campo, vistos os planos do PXOM e revisada a base cartográfica do Plan Nacional de Ortofotos Aéreas, dedúcese, que a zona sobre a que se prevén executar as obras recollidas no proxecto de pavimentación do entorno da Igrexa, parroquia de Burres, correspóndese con terreos de titularidade municipal"*.

Polo que, en base a ese informe, expediuse un certificado polo secretario de data 9 do mesmo mes, co obxecto de aclarar a titularidade dos terreos interesados.

3º) Para aportar as autorizacións de Patrimonio que se recollen nos informes técnicos, en relación cos proxectos nomeados: "Camiño en Río (Castañeda) e outros"; "Acondicionamento camiño en Río vello e outro", "Pavimentación entorno igrexa de Burres e outro" e "Saneamento en Boente".- Cursáronse as correspondentes solicitudes con data 10 de febreiro de 2012 (*rexistradas de saída aos número 270, 271, 272 e 273*), dirixidas á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, por medio do Rexistro Portelo Único desde este concello, (*cos número de rexistro 2012/186, 2012/187, 2012/188 e 2012/189*), engadíndolles a documentación que se especifica nas catro solicitudes referenciadas.

Sen que ata o día de hoxe se comunicara a este Concello a resolución recaída.

Polo que, tan pronto se comunique a este concello as resolucións do Director Xeral de Patrimonio Cultural, polas que se conceden as autorizacións solicitadas, serán enviadas á Deputación Provincial, aos efectos requeridos.

Segundo.- Informar e dar traslado ao Servizo de Xestión de Plans, Sección Plans Provinciais da Deputación Provincial, das actuacións administrativas indicadas, que foron realizadas para corrixir as deficiencias apreciadas na documentación remitida do POS 2012, para a súa unión á mesma.

Terceiro.-Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello, na primeira sesión que celebre."

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar as aportacións das achegas municipais de dous dos catro proxectos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012; que quedaran aprobados –na sesión plenaria celebrada o día 25 de novembro de 2011- da seguinte forma:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Presuposto total
Pavimentación contorno igrexa de Burres e outros	86.027,90 €	4.527,78 €	90.555,68 €
Acondicionamento camiño en Río Vello e outro	78.375,03 €	4.125 €	82.500,03 €

Quedando concretadas agora as aportacións que corresponde facer, na financiación das referidas obras, da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO +	CONCELLO	PRESUPOSTO
	DEPUTACIÓN		TOTAL
PAVIMENTACIÓN ENTORNO IGREXA DE BURRES E OUTROS	86.027,89 €	4.527,79 €	90.555,68 €
ACONDICIONAMENTO CAMIÑO EN RÍO VELLO E OUTRO	78.375,02 €	4.125,01 €	82.500,03 €

Segundo.- Darse por enterados de que para aclarar a titularidade municipal dos terreos, en canto á obra nomeada “Pavimentación contorno da igrexa de Burres”, a documentación aportada á Deputación Provincial foi a que figura detallada no decreto do alcalde de 16 de febreiro de 2012, do cal se dou lectura.

Terceiro.- Facer saber ao Presidente da Deputación Provincial que as resolucións do Director Xeral de Patrimonio Cultural, polas que se concedan as autorizacións solicitadas, en relación cos proxectos técnicos nomeados: “Camiño en Río (Castañeda) e outros” “ Acondicionamento camiño en Río Vello e outro”, “Pavimentación contorno igrexa de Burres e outro” e “Saneamento en Boente”, incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de Competencia municipal (POS) 2012, seranlle enviadas tan pronto como sexan recibidas esas resolucións neste Concello.

MOCIÓNS

Antes de pasar a rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifestando o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Pintor Vázquez que desexaba presentar dúas mocións.

E así, previa concesión do uso da palabra, procedeuse a tratar sobre as referidas mocións, pola orde en que foron enumeradas, facendo entrega dito concelleiro aos restantes membros da Corporación Local dunha copia da primeira de ditas mocións.

MOCIÓN 1ª.- Para que se manteñan os prazos de construción da autovía A-54, no tramo Arzúa-Lavacolla, e se concrete o tramo seguinte Arzúa- Palas de Rei; sendo o seu contido o seguinte:

“O tramo da autovía Arzúa- Lavacolla de 18,5 km, do trazado de Santiago-Lugo, comprende Arzúa Oeste-Lavacolla, discorre polos termos municipais de Santiago, O Pino e Arzúa.

O día 3 de decembro do 2009, asínase a Acta de Comprobación do Replanteo entre os representantes de Fomento e a Empresa adxudicataria DAGRADOS S.A.

Unha vez asinada esta acta, deuse formalmente por iniciadas as obras e, o anterior Ministro de Fomento polo impulso que estaba a dar a esta vía de alta capacidade, tiña previsto que se poidera circular sobre ela antes de que remate o ano 2012.

A consignación correspondente para o ano 2010 fora de 2.570.700 €, a que había que sumarlle o consignado o do ano 2009 de 6.110.000, e a proxección dos anos 2011 e 2012, por 5.141.400 € e 88.967.300 €, respectivamente, sendo estas as contías que plurianualmente están comprometidas e contratadas coa empresa adxudicataria que debería realizar a obra, a empresa DRAGADOS, S.A..

Hai uns días tanto o Conselleiro de Infraestruturas da Xunta como a Ministra de Fomento, anunciaron que se ían a retrasar as obras da A-54 en 3 anos. Por este motivo e dado a necesidade da posta en funcionamento o máis pronto posible deste tramo e da contratación do de Arzúa-Palas de Rei, propoñemos a APROBACIÓN desta moción no senso de que:

1.-Se cumpra o prazo de execución a autovía A-54, no tramo Arzúa-Lavacolla, de acordo co contrato asinado entre o Ministerio de Fomento e a empresa Dragados, S.A., para que a finais deste ano ou a principios do 2013 estea en uso para a circulación de vehículos

2. Se aprrobe e contrate o proxecto do tramo Arzúa-Palas de Rei que, segundo o BOE do pasado día 28 de maio de 2009, foi publicado o estudo informativo, a efectos de información pública na chamada alternativa 4, aprobada provisoriamente pola Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento, e que ten 28,12 quilómetros de lonxitude e un orzamento base de licitación de 211,64 millóns de euros.

3. Se remita o acordo a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento.”

Seguidamente procedeuse a xustificar a urxencia desta moción, para que o Pleno do Concello se pronuncie agora sobre a mesma; manifestando o Sr. Pintor Vázquez que o motivo sería porque hai uns días o Conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas informou no Parlamento Galego que a execución da autovía que unirá Lugo e Santiago ía a acumular un novo retraso de tres anos, e considera que habería que pedir que se rematase dentro dos prazos previstos, polo menos o tramo de Arzúa-

Lavacolla, porque xa está contratado; e xa esperamos bastante pola construción desta autovía.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao seu debate e votación.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar que as obras do tramo de 18 quilómetros Arzúa-Lavacolla tiñan un prazo de execución, e debía estar en circulación a finais do ano 2012; e no tramo que cruza Arzúa de leste ao oeste, nunha lonxitude de 7 quilómetros ata Palas de Rei, houbo dificultades por incidir nun lugar de interese comunitario en Melide, pero agora xa non existe esa dificultade.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que tamén gustaríanos poder dispoñer dos 28 quilómetros que faltan ata Lavacolla; e que, como o grupo político do PP non vai a pronunciarse en contra de nada que poida prexudicar ao municipio de Arzúa, pronunciaranse a favor desta moción.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que tamén está de acordo con esta moción.
- Que considera que se deberían cumprir os prazos previstos para a execución desta obra.
- Que, ademais, dáse a circunstancia de que, para a paralización das obras do segundo tramo desta autovía, Arzúa-Palas de Rei, utilizouse o argumento de que coincidía cunha Concentración Parcelaria, e iso supuxo que non se fixera unha cousa nin outra.

Tras o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as propostas de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Que se cumpra o prazo de execución a autovía A-54, no tramo Arzúa-Labacolla, de acordo co contrato asinado entre o Ministerio de Fomento e a empresa Dragados, S.A., para que a finais deste ano ou a principios do 2013 está en uso para a circulación de vehículos.

Segundo.- Que se aprobe e contrate o proxecto do tramo Arzúa-Palas de Rei que, segundo o BOE do pasado día 28 de maio de 2009, foi publicado o estudo informativo a efectos de información pública na chamada alternativa 4, aprobada provisoriamente pola Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento, e

que ten 28,12 quilómetros de lonxitude e un orzamento base de licitación de 211,64 millóns de euros.

Terceiro.- Remitir unha certificación destes dous acordos á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento.

MOCIÓN 2ª.- Referida á conmemoración do día 8 de marzo, como “Día Internacional da Muller”.

Engadindo o Sr. Pintor Vázquez que, máis que ler a moción, e coñecendo todos que se trata dun feito importante, gustaríalles pedir que se fixese unha declaración institucional por parte de toda a Corporación Local en favor da igualdade integral no trato entre o home e a muller.

Tendo en consideración o que supón a conmemoración do día 8 de marzo en favor da muller traballadora;

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de manifestarse a favor da non discriminación das mulleres, para que sexan iguais en dereitos e oportunidades; deixando constancia desta declaración na acta estendida desta sesión.

*Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

I)Polo Sr. Pintor Vázquez (do PSde G-PSOE) formuláronse os seguintes **ROGOS** ao Sr. alcalde:

Un.- Porque cando se abriron os sobres A) “Documentación xeral”, na reunión que mantivo a Mesa de Contratación designada para a apertura das propostas presentadas polas empresas participantes no procedemento aberto, para a contratación do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeadado público municipal, a interventora e o representante do grupo político do Partido Popular (integrantes de dita Mesa) realizaron a observación de que o empresario que tiña adxudicado ese servizo (don Antonio Vázquez Carril) falecera había xa varios meses; e con todo, dende o seu falecemento veuse prestando ese mesmo servizo pola sociedade “Jose Antonio Vázquez y otros S.C.”, que fora constituída o día 3 de novembro de 2011.

E como a Lei de Contratos do Sector Público dispón:

- Que a morte do contratista individual, ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, e unha das causas de resolución do contrato.

- Que cando a causa de resolución sexa a morte a incapacidade sobrevida do contratista individual, a Administración poderá acordar a continuación do contrato cos seus herdeiros o sucesores.

É polo que pide ao Sr. alcalde que explique que foi o que ocorreu para que dita sociedade seguise prestando ese servizo; e para que se determinen as responsabilidades en que se poidera incurrir.

Dous.- Porque os veciños do lugar de Ventorrillo da parroquia de Viños quedaron sen alumeado público, e, cando solicitaron a súa reposición, díxéronlles no Concello que non podía facerse, porque non fora adxudicado a unha empresa o servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeado público.

Manifesta o Sr. alcalde que como se trata dun problema que non é tan fácil de solucionar, o do alumeado do Ventorrillo, díxolles aos veciños que –hai dúas semanas- solicitaron o seu arranxo, que estabamos a punto de adxudicar a unha empresa o servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeado público no municipio, e que lle diría á empresa que resultase contratada que ese fose un dos primeiros sitios onde tiñan que actuar. E, iso díxoo, pensando que non se ía demorar tanto a contratación da empresa que deba prestar o servizo.

Responde o Sr. Pintor Vázquez que, como considera que ese servizo non se pode demorar, xa que ademais vive xente maior en dito lugar, pide ao Sr. alcalde que se repoña ese alumeado a través doutra empresa, en tanto non se adxudique o servizo.

II) Polo Sr. Orois Valiño (do PP) formulouse o seguinte **ROGO ao Sr. alcalde:**

Porque comentoulle o doutor Varela Durán que necesitaba dispoñer –antes do día 12 de marzo- dunha certificación do acordo que deberá adoptar o Pleno do Concello sobre o cambio do nivel de protección do Pazo de Brandeso;

E por considerar que non habería ningún prexuízo para ningún.

Solicita que se convoque unha sesión plenaria para dita finalidade. Engadindo que os integrantes do grupo político do Partido Popular non formulan ningún problema para que se convoque esa sesión plenaria, con anterioridade a dito día.

Responde o Sr. alcalde:

- Que, se se tratase de facer un informe, non habería ningún problema en facilitarlllo antes de dito día, pero tratándose dun acordo que debe adoptar o Pleno, e tendo en conta que ata finais do mes de marzo non habería outra sesión ordinaria, considera que tería que formularllo ao resto dos concelleiros.

- Que, como a el tamén lle foi formulada polo Sr. Varela Durán a conveniencia de que se convocase esa sesión do Pleno; ao comprobar que ata o día 9 de marzo non se ía a poder dispoñer da documentación que ten que coñecer o Pleno para adoptar ese acordo, xa falou sobre este tema o pasado luns co Sr. Pintor Vázquez, e tiña pensado falalo tamén cos restantes membros da Corporación Local, dado o gastos que ocasionaría o convocar esa sesión.

Polo que propón que, ao rematar esta sesión, o falemos.

*Intervén o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que considera que unha sesión do Pleno pódese convocar con carácter extraordinario, se é para tratar dun asunto de interese público ou colectivo, pero non para atender un interese persoal ou privado.

- Que, como non sabe de que asunto se quere tratar na sesión solicitada polo veciño, considera que debería pedilo por escrito.

*Por parte do Sr. Orois Valiño (do PP) maniféstase:

- Que se se pode convocar esa sesión do Pleno pide que se convoque, pero se se opoñen algúns concelleiros non temos nada que facer.

- Que tamén lle parece ben que se presente un escrito expoñendo porque quere que se convoque esa sesión plenaria, porque se, por exemplo, a demora é motivo de que se perda unha subvención, tamén se perde un patrimonio que é de Arzúa.

- Que os integrantes do grupo político do Partido Popular non terían inconveniente en renunciar á indemnización que lles corresponde por asistir a dita sesión.

Remata o debate o Sr. alcalde indicando que, tendo en conta o ata agora exposto, o mellor vai ser que o doutor Varela Durán expoña por escrito os motivos polos que solicita a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno, para poder tomar unha decisión.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 22:40 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

